

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

**5339** Orde IET/822/2012, do 20 de abril, pola que se regula a asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes.

A Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE, establece que cada Estado membro velará para que a cota de enerxía procedente de fontes renovables en todos os tipos de transporte en 2020 sexa como mínimo equivalente ao 10 por cento do seu consumo final de enerxía no transporte.

A disposición adicional décimo sexta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, en liña co obxectivo indicativo de consumo de biocarburantes establecido pola Directiva 2003/30/CE, establece obxectivos anuais de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, que son obxectivos obrigatorios a partir do ano 2009. Na actualidade, tales obxectivos establécense no Real decreto 459/2011, do 1 de abril, polo que se fixan os obxectivos obrigatorios de biocarburantes para os anos 2011, 2012 e 2013. Ademais, na mencionada disposición adicional décimo sexta da Lei do sector de hidrocarburos habilítase o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, na actualidade Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, para ditar as disposicións necesarias para regular un mecanismo de fomento da incorporación de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte.

A Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, establece obxectivos mínimos por produto inferiores ao obxectivo global que dispón a Lei 34/1998, do 7 de outubro, mecanismos de flexibilidade temporal para a contabilización das cantidades de biocarburantes vendidas ou consumidas, e un sistema de certificación e pagamentos compensatorios xestionado pola Comisión Nacional de Enerxía, que lles permite aos suxeitos obrigados a transferencia de certificados, ao mesmo tempo que serve como mecanismo de control da obriga.

Esta orde ten como obxectivo o fomento da industria dos biocarburantes con fins de transporte. Persegue contribuír ao desenvolvemento dos biocarburantes como elemento substancial tanto das políticas de protección do medio e redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, como dos obxectivos obrigatorios de uso de enerxía de fontes renovables fixados para tal fin. Así mesmo, preténdese contribuír á seguridade de abastecemento enerxético, acrecentar a independencia enerxética e reducir o custo das importacións de petróleo, así como impulsar o sector da produción dos biocarburantes española e comunitaria.

Para iso, establécense as condicións necesarias para participar nun procedemento de asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo dos obxectivos obrigatorios de consumo de biocarburantes por un período de dous anos, habilitando o secretario de Estado de Enerxía para prorrogar a asignación das ditas cantidades por outros dous anos adicionais.

Realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados a través do Consello Consultivo de Hidrocarburos, cuxas alegacións se tiveron en conta para elaborar o informe da Comisión Nacional de Enerxía do 29 de decembro de 2010 e, así mesmo, a presente norma someteuse ao informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Na súa virtude, coa aprobación previa do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde a regulación do procedemento de asignación de cantidades de produción do biodiésel apto para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes para un período de dous anos, asignación que poderá ser prorrogada por outros dous anos.

Artigo 2. *Natureza e cantidade máxima de biodiésel apto para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes.*

1. Para a certificación de cantidades de biocarburantes, ademais das condicións xerais reguladas no artigo 7.3 da Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, deberase acreditar previamente que o biodiésel foi producido na súa totalidade en plantas con cantidade asignada, segundo o procedemento descrito na presente orde.

2. Para tales efectos non se poderá certificar biodiésel producido nunha planta que non teña asignada ningunha cantidade e non se poderán certificar cantidades de biodiésel producidas nunha mesma planta por enriba da cantidade anual que se lle asignase.

Tampouco se poderá certificar biodiésel que, procedente dunha planta, non fose producido nela. Entenderase por produción a transformación química de graxas de orixe vexetal ou animal en éster metílico ou etílico. En ningún caso se entenderá como produción o simple proceso de mestura de ésteres metílicos ou etílicos.

3. Para a certificación de cantidades do resto de biocarburantes listados no artigo 2.2 da Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, distintos do biodiésel, susceptibles de seren mesturados con gasóleo, non se exixirá a dita acreditación.

4. A cantidade anual máxima total de biodiésel que será obxecto do procedemento de asignación de cantidades de produción para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes é de 5 millóns de toneladas ao ano.

5. A cantidade asignada a unha planta de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes é intransferible.

6. No caso de que as solicitudes de asignación de cantidades que cumprisen os requisitos establecidos no artigo 4 desta orde non superasen a cantidade de 2 millóns de toneladas anuais, non será de aplicación o procedemento de asignación previsto nesta orde.

Artigo 3. *Suxeitos que poden solicitar a asignación e límites máximos das cantidades de produción susceptibles de asignación.*

Os titulares de plantas ou unidades de produción de biodiésel susceptible de ser empregado como carburante ou ser incorporado ao gasóleo de automoción, que estean situadas en España ou noutro Estado membro da Unión Europea, poderán solicitar a asignación dunha cantidade anual de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento das obrigas de biocarburantes, se a planta conta coa licenza de actividade da planta ou certificado equivalente e por unha cantidade máxima equivalente á capacidade produtiva anual autorizada e tecnicamente acreditada como operativa, de cada unha das plantas da súa titularidade.

Artigo 4. *Solicitud de asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes.*

1. Os suxeitos indicados no artigo anterior deberán presentar as súas solicitudes para cada planta segundo o establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro,

de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dirixidas á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Esa presentación poderase realizar de forma electrónica dirixida ao Rexistro Electrónico do dito ministerio.

2. Na solicitude indicárase a seguinte información:

a) Cantidade anual, en toneladas, para a cal solicitan asignación de cantidade de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocombustibles.

b) Razón social, situación da empresa e da planta, titular da planta, número de identificación fiscal (NIF) e código de actividade e establecemento (CAE) ou documento equivalente no país en que estea situada a planta, representante xurídico e copia dos poderes outorgados a favor do representante.

c) Que o solicitante é operador por xunto de produtos petrolíferos, segundo o establecido no artigo 42 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Á solicitude xuntárase a seguinte documentación:

a) Copia da licenza de actividade da planta ou certificado equivalente, así como de calquera outra autorización administrativa ou certificado equivalente, na cal conste a capacidade operativa de produción anual de biodiésel recoñecida á instalación.

b) Informe emitido por unha entidade independente que acredite a capacidade de produción da planta que será operativa en cada unha das anualidades do período de asignación de que se trate e que conste xa recoñecida, no momento da solicitude, pola correspondente licenza de actividade ou certificado equivalente e o cumprimento das especificacións técnicas vixentes en España do biodiésel producido, indicando os controis de calidade efectuados e os seus resultados.

c) Balance auditado dos tres últimos exercicios pechados, ao cal deberán unir informe da análise da estrutura financeira, acompañado do plan de negocio previsto en caso de que se lle asignasen as cantidades solicitadas.

d) Declaración xurada do titular da planta sobre os seguintes temas:

1.º O titular da planta está ao día nas obrigas de pagamento da Seguridade Social e nos impostos do país correspondente.

2.º O titular da planta actúa en conformidade coa normativa ambiental do país en que está instalada a planta ou unidade de produción obxecto da solicitude.

3.º A planta non ten asignada ningunha cantidade en ningún outro procedemento, calquera que for a súa denominación e natureza, noutro país ou, en caso de que a tiver, cantidade asignada e xustificación documental desta e das súas condicións.

4.º O biodiésel obxecto de cantidade asignada será producido na súa totalidade na planta para a cal se solicita asignación.

5.º O titular da planta comprométese a proporcionar o informe anual recollido no artigo 8.1.

e) Informe sobre o desenvolvemento da actividade da planta centrado nos seguintes aspectos:

1.º Actividades da planta ou unidade durante os tres últimos exercicios, indicando as demais actividades químicas que integran a unidade e os custos de produción, mencionando, se for necesario, as normativas específicas a que está suxeita a dita produción. Cando a planta estea integrada nun complexo industrial, indicárase que función desempeña dentro deste.

2.º Inversión realizada expresamente para a produción de biodiésel, detallando as medidas adoptadas para o cumprimento da normativa ambiental vixente (porcentaxe de investimentos ambientais con respecto ao investimento total) e a eficiencia enerxética da planta (ratio de enerxía renovable producida sobre a enerxía primaria consumida).

3.º Cantidades de biodiésel producidas e vendidas, indicando o seu destino xeográfico, nos tres anos naturais anteriores á presentación da solicitude.

4.º Provedores de materias primas nos últimos tres anos naturais, país de orixe, cantidade e natureza da materia prima subministrada por cada un deles e previsión para os próximos dous anos naturais.

5.º Apoios públicos de tipo económico, técnico ou normativo para a produción e venda de biodiésel, de que se beneficiou a unidade durante os últimos dez anos.

4. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá solicitar aos interesados calquera outra información ou documentación adicional necesaria para resolver o procedemento.

5. As solicitudes deberanse presentar en castelán. Os documentos redactados noutra lingua deberán ir acompañados da súa correspondente tradución ao español.

6. As solicitudes dirixidas ao Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo presentaranse mediante sistemas de identificación e autenticación electrónica, de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a anterior. A sinatura electrónica con que se asine a solicitude deberá corresponder coa da persoa apoderada da entidade que solicita a axuda.

Á solicitude citada xuntarase, se é o caso, acreditación válida do poder do asinante da solicitude, segundo o sinalado na alínea 2 b) deste artigo, que se deberá achegar mediante documento dixitalizado. No caso de representación mancomunada, deberase achegar, así mesmo, unha copia dixitalizada da solicitude asinada electronicamente por cada un dos representantes mancomunados.

7. Non se poderán asignar cantidades a aqueles solicitantes que presentasen solicitudes incompletas ou que non conteñan toda a documentación requirida, unha vez vencido o prazo de emenda establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Artigo 5. Criterios para a asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes.*

A cantidade de produción de biodiésel asignada a cada planta determinarase en función dos criterios seguintes:

- a) Protección do ambiente.
- b) Garantía de subministración, de acordo co establecido nos artigos 2.2 e 49 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.
- c) Seguridade de abastecemento do mercado petrolero.
- d) Capacidade produtiva anual de biodiésel debidamente auditada, de cada unha das plantas de fabricación de que sexan titulares os suxeitos admitidos, de acordo co previsto nos artigos 3 e 4 desta orde.
- e) Viabilidade económico-financeira da planta.

En ningún caso se poderá asignar a unha planta unha cantidade anual superior á súa capacidade produtiva anual autorizada e tecnicamente acreditada como operativa.

*Artigo 6. Ámbito temporal da asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes.*

1. As cantidades asignaranse para un período de dous anos.
2. Por resolución motivada do secretario de Estado de Enerxía, poderase prorrogar a asignación das cantidades de produción de biodiésel por outros dous anos adicionais, sempre que se sigan cumprindo as condicións que deron lugar á asignación e se remita a

información indicada no artigo 8 desta orde. A cantidade anual de produción asignada a unha planta poderase modificar na prórroga en función da información subministrada.

## Artigo 7. *Valoración das solicitudes e asignación de cantidades.*

1. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas é o órgano competente para a instrución do procedemento. As solicitudes serán valoradas por unha comisión de avaliación, presidida polo director xeral de Política Enerxética e Minas, que en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal será substituído polo seu vicepresidente, o subdirector xeral de Hidrocarburos. Serán vogais da dita comisión o subdirector adxunto de Hidrocarburos, un funcionario da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e un funcionario da Subdirección Xeral de Hidrocarburos, designados os dous últimos polo director xeral de Política Enerxética e Minas, así como dous representantes do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, designados polo director xeral do dito instituto. Actuará como secretario desta comisión de avaliación, con voz e voto, o funcionario da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. A Comisión de Avaliación adscíbese á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e rexerá o seu funcionamento polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O órgano instrutor, á vista do informe da comisión de avaliación, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, sobre a cal o solicitante, dentro do exercicio do seu dereito de audiencia, poderá formular as alegacións que considere convenientes ou comunicar a aceptación da asignación proposta no prazo de dez días a partir da publicación da lista no «Boletín Oficial del Estado». A publicación producirá todos os efectos da notificación practicada segundo o disposto no artigo 59.6 b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación cos procedementos de concorrencia competitiva.

3. No caso de que se presenten alegacións, estas serán examinadas e, unha vez resoltas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva. Esta proposta seralles notificada aos solicitantes mediante a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», para que formulen as alegacións que consideren convenientes nun prazo de dez días.

4. A proposta de resolución definitiva deberá expresar a relación de solicitantes para os cales se propón a asignación de cantidades, así como as cantidades asignadas a cada un.

5. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún fronte á Administración a favor do asignatario proposto.

6. A listaxe das cantidades de produción asignadas, á vista da documentación presentada e da complementaria que se puidese precisar, aprobarase por resolución motivada do secretario de Estado de Enerxía e publicarase no «Boletín Oficial del Estado». O prazo máximo en que se debe publicar esta resolución non poderá exceder seis meses computados desde a entrada en vigor desta orde ou, de ser o caso, desde a data en que produza efectos a resolución do secretario de Estado de Enerxía que ordene a asignación de novas cantidades de produción, ditada de acordo coa disposición adicional primeira desta orde. O vencemento do prazo máximo establecido sen que se publicase a correspondente resolución non exime a Administración do cumprimento da obriga legal de resolver, e os interesados que tiveren comparecido poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo de acordo co disposto no artigo 44.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. A resolución que aprobe a listaxe das cantidades de produción de biodiésel fixará a data a partir da cal só o biodiésel obxecto da dita asignación computará para o cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes.



8. A resolución do procedemento de asignación de cantidades, que pon fin á vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo cos prazos e co procedemento establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Sen prexuízo do anterior, contra a resolución do procedemento de asignación de cantidades, dentro do prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, cabe interpor recurso ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

9. A interposición de recursos de reposición poderase dirixir ao Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo nos termos expresados nesta norma e de acordo co disposto na orde reguladora do citado rexistro.

#### Artigo 8. *Informes periódicos.*

1. Os produtores de biodiésel con asignación de cantidade deberanlle presentar, no mes de abril de cada ano, ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional de Enerxía, a seguinte información referida ao ano natural anterior ou, de ser o caso, á parte do ano natural anterior respecto á cal se asignase cantidade de produción de biodiésel:

a) Cantidades totais de biodiésel e subprodutos producidos na planta, debidamente auditados, indicando a contía e o país de destino de todas as partidas vendidas, así como o nome e enderezo das empresas compradoras de cada unha delas.

b) Os controis de calidade realizados sobre o biodiésel producido e os seus resultados, xustificando que cumpre coas especificacións técnicas vixentes en España.

c) Provedores de materias primas, país de orixe, cantidade e natureza da materia prima subministrada por cada un deles.

2. A Comisión Nacional de Enerxía emitirá un informe trimestral de seguimento do prezo do biodiésel en España, incluíndo unha comparativa cos prezos do biodiésel no resto da Unión Europea e do grao de competencia do sector.

#### Artigo 9. *Cumprimento das condicións exixidas para a asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes.*

1. Os produtores de biodiésel con asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes deberán comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a modificación de calquera dos datos achegados no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza a dita modificación.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e a Comisión Nacional de Enerxía poderán, en calquera momento, inspeccionar o cumprimento de todas as condicións que deron lugar á asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes, solicitando, se é o caso, canta información sexa necesaria.

3. Se un produtor de biodiésel con asignación dunha cantidade de produción para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes incumprise as condicións exixidas ou vendese aos suxeitos obrigados a cumprir obxectivos de biocarburantes unha cantidade de biodiésel maior á asignada segundo o procedemento descrito na presente orde, ou incumprise os compromisos de posta á disposición das cantidades comprometidas aos seus compradores logo de instrución, por parte da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do correspondente procedemento e con audiencia do interesado, poderase ordenar, en virtude de resolución motivada do secretario de Estado de Enerxía, a cancelación da cantidade de produción asignada.

O prazo máximo para ditar e notificar esta resolución expresa ao interesado non poderá exceder seis meses computados desde a data en que, por resolución do secretario de Estado de Enerxía, se ordene o inicio do procedemento. Se non se ditase e notificase a resolución transcorridos seis meses desde a iniciación, producirase, de acordo co artigo 44.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a caducidade do procedemento. Nestes casos, a resolución que declare a caducidade ordenará o arquivamento das actuacións, cos efectos previstos no artigo 92 da citada lei.

A resolución de cancelación, que pon fin á vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo cos prazos e o procedemento establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Sen prexuízo do anterior, contra a dita resolución, dentro do prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, cabe interpor recurso ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

Disposición adicional primeira. *Situación excepcional e ordenación de novas asignacións.*

1. En situacións excepcionais de falta de dispoñibilidade de biodiésel con asignación de cantidade para o cumprimento dos obxectivos de biocarburantes por parte dos suxeitos obrigados, ou en caso de que os prezos do biodiésel ou a competencia do mercado non se consideren adecuados, mediante resolución do secretario de Estado de Enerxía, poderanse adoptar medidas pertinentes, debidamente motivadas, coa duración e excepcións que se determinen.

2. Mediante resolución do secretario de Estado de Enerxía poderase ordenar e convocar a asignación de novas cantidades de produción, en función da información subministrada, a evolución do mercado dos biocarburantes, o cumprimento dos obxectivos ou o desenvolvemento tecnolóxico do sector.

Disposición adicional segunda. *Convocatoria e prazo de presentación das solicitudes reguladas nesta orde.*

1. As solicitudes para a asignación de cantidades de produción de biodiésel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes que se convoca mediante a presente orde deberanse presentar nun prazo de 30 días naturais dende a entrada en vigor desta orde.

Para solicitudes presentadas por correo certificado, dará fe a data de envío na oficina de Correos. Non se terán en conta as solicitudes presentadas unha vez expirados os prazos previstos.

2. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, se a suma da cantidade solicitada por todos os produtores admitidos ao procedemento for menor a 4 millóns de toneladas anuais, mediante resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas poderase prorrogar o prazo previsto no número anterior desta disposición.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de abril de 2012. O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, José Manuel Soria López.